

## MESA SECTORIAL

23/05/2023

### 1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DAS SESIÓN CELEBRADA O DÍA 18 DE ABRIL.

Apróbase a acta da sesión referida unha vez feitas as alegacións oportunas por parte das Organizacións Sindicais.

### 2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO DE ORDE DE CONCURSO PÚBLICO DE MÉRITOS PARA CUBRIR POSTOS DE DIRECCIÓN DOS CFR E ASESORÍAS NO CAFI.

En primeiro lugar gustaríanos que a resolución deste concurso de méritos sexa anterior ao prazo de CADP de tal xeito que as vacantes que xurdan da cobertura destas prazas poidan ser cubertas no CADP. **A Administración responde que esa é a súa intención e que, por ese motivo, pretenden sacar a convocatoria o antes posible.**

Por outra banda tamén demandamos que non ocorra o que aconteceu hai dous anos onde se ofertaron prazas que estaban cubertas por persoal que non tiña constancia de ser avaliada negativamente nin fora notificada de dita avaliación negativa.



En relación ao artigo 2 somos conscientes de que esta convocatoria estivo nos últimos anos aberta á participación de profesorado doutras CCAA pero esiximos que, no caso de que se manteña do mesmo xeito, se esixa a acreditación do coñecemento da lingua galega. **A Administración optará por pechar a convocatoria para persoal con destino na Comunidade de Galicia.**

Esiximos unha maior definición das características e do perfil das prazas ofertadas. En relación ao artigo 6, desde ANPE Galicia consideramos que debe darse unha redacción homoxénea a determinados artigos, como é o caso, que son comúns a todas as Ordes. Demandamos que o prazo de presentación de solicitudes se amplíe de 10 a 20 días.



centro autonómico  
de formación e innovación

ANPE Galicia non está a favor de facer entrevistas, pero no caso de que se opte por facelas debe facerse a todos os aspirantes. De non terse en conta a petición da eliminación da entrevista esiximos que se reduza a súa puntuación no baremo xa que consideramos que ten un peso excesivo dentro do mesmo. En todo caso, non debería ser usado como primeiro criterio de desempate. Neste caso debería valorares máis a antigüidade. Demandamos que a comisión de selección sexa moito máis técnica.



En relación ao baremo, nos apartados 1.3 e 1.4 demandamos que se aumente a puntuación. En canto á formación relacionada coa praza á que se opta demandamos que se aumente a puntuación de 0,15 a 0,20 puntos.

## MESA SECTORIAL

23/05/2023

Demandamos que se amplíe o prazo de reclamacións de 3 a 5 días e que se elabore unha posible listaxe de substitucións (conformada por aspirantes que non acadaron a praza neste concurso) para cubrir posibles vacantes ou baixas e non ter que cubrir ditas vacantes “a dedo”.

### 3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: LICENZAS POR FORMACIÓN.


Denunciar que se presente o mesmo orzamento e o mesmo número de meses de licenzas que a última convocatoria, sobre todo tendo en conta que a do curso pasado non se levou a cabo e tamén tendo en conta o aumento do coste da vida desde esa última convocatoria. Por outro lado denunciaremos tamén a diminución do número de meses ofertados para a elaboración de materiais relacionados cos novos currículos.



Demandamos a restitución das licenzas retribuídas dun curso de duración así como a de licenzas non retribuídas.

No punto primeiro apartado 3 demandamos que se retire a limitación de participación do profesorado interino. Debe poder participar sen limitación cando teñen nomeamento para todo o curso. **A Administración continuará limitando a participación nos grupos de profesorado interino ao 50%**

No punto terceiro apartado primeiro demandamos que se retire o requisito de estar prestando servizos ininterrompidos durante os tres cursos anteriores. **A Administración manterá este requisito.** Tampouco entendemos, desde ANPE Galicia, o motivo polo que se esixen certos requisitos adicionais ao profesorado de carreira que non se esixen despois ao resto de profesorado. **A Administración estudará este punto.** Demandamos tamén que se dea unha mellor redacción ao relativo á participación do profesorado en prácticas xa que non nos queda claro cando e como poden participar.



Demandamos que se estableza claramente a duración do prazo de presentación de solicitudes. Desde ANPE demandamos que sexa dun mes.

Consideramos que a comisión de selección debe ser o máis técnica posible.

No punto noveno demandamos que os períodos de desenvolvemento das licenzas sexan os mesmos para todas as modalidades.

No punto décimo segundo, ANPE Galicia demanda que a incompatibilidade sexa exclusivamente durante a duración da licenza e non durante todo o curso académico. **A Administración acepta esta proposta de ANPE.**

## MESA SECTORIAL

23/05/2023

Demandamos que a valoración do proxecto se limite a APTO ou NON APTO e, no caso de non atender esta demanda, que a puntuación baixe de 12 a 8 puntos.

### 4º PUNTO DA ORDE DO DÍA: REINTEGRO INDIVIDUAL DE GASTOS POR ASISTENCIA A ACTIVIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO.

En relación a esta Orde denunciar aínda con máis forza que no caso anterior o orzamento que se propón. Esta orde non se convoca desde o ano 2019 e o orzamento, pese a aumento do coste da vida, segue a ser o mesmo que se ofertou na última convocatoria.

Demandamos que haxa unha soa quenda de reintegros.



Demandamos que non se elimine o reintegro tipo 4. Así mesmo, demandamos o incremento dos importes a aboar en cada un dos tipos recollidos na Orde.

Solicitamos que, no caso de haber remanente, se poidan conceder reintegros para segundas actividades de formación.

No artigo 2.1 consideramos que debe incluírse ao profesorado substituto que realice actividades de formación dentro do período de duración dos seus contratos de traballo. **A**

**Administración estudará esta proposta de ANPE.**

No artigo 5 demandamos que se inclúa formación relacionada co benestar e a saúde mental. **A Administración resposta que están incluídas dentro do adxectivo "convivencia".**

No artigo 7 demandamos que se estableza un único prazo.

No artigo 8, e tendo en conta que a maior parte dos desprazamentos se realizan en vehículos particulares, demandamos a actualización do importe por km a 0,22 euros por km ou 0,25.

Na disposición adicional primeira demandamos que se incorporen actividades de formación realizadas por outras administracións públicas.

### 5º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PRAZAS DE ASESORES EN SERVIZOS CENTRAIS.

Demandamos que se resolva o concurso a antes posible para poder incorporar as vacantes do persoal que vaia a ser asesor ao CADP.

Demandamos unha modificación do artigo 2 xa que a redacción actual proposta estaría deixando fora a certos colectivos.



Demandamos unha revisión dos perfís das prazas.

## MESA SECTORIAL

23/05/2023

Demandamos a publicación de rúbricas de valoración dos proxectos. **A Administración fará dita publicación.**

Artigo 4: demandamos que se pase de 10 a 20 días.

Respecto da comisión de selección demandamos incluír a parte sindical.

Demandamos a retirada da entrevista, a eliminación de valoración de servizos prestados na administración e a de cursos non homologados. **A Administración eliminará do baremo os cursos non homologados.**

Demandamos a elaboración dunha listaxe de substitucións para a cobertura de hipotéticas vacantes.

**6º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO DE ORDE POLO QUE SE AMPLÍA A RELACIÓN DE MATERIAS OPTATIVAS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E SE ESTABLECE O SEU CURRÍCULO.**

ANPE Galicia considera importante, fundamental e un acerto que se traten cuestións de finanzas na ESO e máis cos tempos que corren. Hai que ter en conta que, neste caso concreto da ESO, ANPE fixo a proposta de incluír Educación Financieira no Consello Escolar de Galicia que foi votada en contra pola propia Administración Educativa que agora trae á Mesa a mesma proposta.



Na mesma liña, no próximo Consello Escolar, ANPE levará a proposta de Robótica e Intelixencia Artificial e Economía para o Bacharelato e agardamos o apoio da Administración Educativa ao respecto.

**7º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS.**

- Demandamos novamente, como xa fixemos por escrito, a convocatoria de postos de escolarización de alumnado de atención preferente.
- Demandamos a redución da burocracia, a redución das rateos máximas en todas as etapas educativas e a restitución do horario lectivo de 21 horas no corpo de mestres e de 18 horas nos restantes corpos. Neste senso ANPE presenta un cadro comparativo do horario lectivo previsto para o curso 2023/2024 nas distintas Comunidades Autónomas e a relación coa media do Estado.

# MESA SECTORIAL

## 23/05/2023

PREVISIÓN DE HORARIO LECTIVO DOCENTE PARA EL CURSO 2023/2024

	PRIMARIA	SECUNDARIA
Ceuta y Melilla	25	20
Galicia	25	20
Madrid	25	20
Andalucía	25	18
Asturias	25	18
Castilla-La Mancha	24	20
Aragón	24	19
Murcia	24	19
Baleares	24	18,5
Cantabria	24	18
Extremadura	24	18
Castilla y León	24	17-19
<b>MEDIA DEL ESTADO</b>	<b>23,9</b>	<b>18,5</b>
Canarias	23	18
Cataluña	23	18
Comunidad Valenciana	23	18
La Rioja	23	18
Navarra	23	18
País Vasco	23	17,5

cuestión da certificación de calidade a través de empresas externas a coste dos centros educativos nos Conservatorios e outro tipo de centros. Lembramos que hai unha denuncia presentada ante a fiscalía e que podería afectar aos responsables de calidade dos centros.

- Trasladar a demanda do profesorado de Prácticas e Actividades para poder participar no CADP a prazas en Centros Residenciais Docentes.
- Demandamos a flexibilización das permutas de prazas bilingües entre xente que teña a habilitación.

- Solicitamos información sobre a data de comezo do concurso-oposición.
- Insistimos no tema da necesidade de actualización do importe de gastos por kilometraje.



- Trasladamos a nosa preocupación pola cuestión do exceso de gas radón nos centros educativos e tamén pola